

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 19 DE ABRIL DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada AC-133(Fene (N-651)-Mugardos) situado entre os pp.qq. 10+140 e 10+950, a prol do Concello de Mugardos.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2018. Importe total: vinte millóns trescentos corenta e catro mil euros (20.344.000 €).

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación do límite indicado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Axencia Galega de Innovación (Gai) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en relación co programa de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de nove millóns cento trinta e oito mil oitocentos euros (9.138.800 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Università degli Studi di Padova (Italia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).

#### **CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se aproba a actualización do Pladiga para o ano 2018.

#### **INFORMES**

#### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre os resultados da primeira convocatoria do Programa Ignicia e anuncio da convocatoria para 2018.

#### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe balance 2017. Programa Erasmus +: Xuventude en Acción.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE MUGARDOS DA VÍA DE ACCESO AO PORTO, QUE SE CORRESPONDE CO TREITO DA RÚA XESTEIRA E A AVENIDA GALICIA

- *O concello solicitou á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o cambio de titularidade da estrada AC-133 (Fene (N-561) – Mugardos), con tráfico principalmente local e desprazamentos de curto percorrido*
- *A Administración local acepta o cambio de titularidade e deberá garantir o acceso rodado ao porto en ambos os sentidos, segundo solicitou Portos de Galicia.*
- *Coa transferencia, o Concello de Mugardos será o responsable da conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas*
- *A Consellería acometeu obras de reforzo de firme no tramo urbano de Mugardos na AC-133, cun investimento de case 90.000 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Mugardos da vía de acceso ao porto mugardés, no treito que se corresponde coa rúa Xesteira e a avenida de Galicia.

O Concello de Mugardos solicitou á consellería o cambio de titularidade da estrada AC-133 (Fene (N-561) – Mugardos), pertencente á rede secundaria de titularidade autonómica. O treito obxecto da solicitude discorre polo solo clasificado coma urbano e o seu tráfico é principalmente local con desprazamentos de curto percorrido.

Esta vía é un dos accesos ao porto de Mugardos, polo que tamén se solicitou informe a Portos de Galicia, que indicou que o Concello deberá garantir o acceso rodado ao Porto de Mugardos en ambos os sentidos de circulación.


Cumpridos os trámites, os servizos competentes da consellería emitiron informe favorable sobre a transferencia, e a través da Axencia Galega de Infraestruturas formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade do treito da estrada AC-133 comprendido entre os pp.qq. 10 + 140 e 10 + 950, a prol do Concello de Mugardos.

Pola súa banda o Concello de Mugardos aceptou o cambio de titularidade deste tramo e a Administración local deberá garantir o acceso rodado ao porto en ambos os sentidos, segundo solicitou Portos de Galicia.

Coa transferencia, o Concello de Mugardos será o responsable da conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características, sen seren de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como por exemplo as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos.

O cambio de titularidade non require en si mesmo investimento da Xunta, aínda que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda acometeu en 2016 obras de reforzo de firme no tramo urbano de Mugardos na AC-133, cun investimento de case 90.000 euros

A entrega desta vía de acceso ao porto de Mugardos, no treito da rúa Xesteira e a avenida Galicia, formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



## A XUNTA PORÁ EN MARCHA 100 OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO QUE INCLÚEN FORMACIÓN E UN CONTRATO E NOS CALES TERÁN PRIORIDADE OS ESPECIALIZADOS NO EIDO FORESTAL E NO CAMIÑO DE SANTIAGO

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá nesta nova iniciativa, a través da Axenda 20, preto de 30 millóns de euros para favorecer a inserción laboral de 2000 persoas sen traballo*
- *Ademais dun contrato de formación e aprendizaxe durante 9 meses, o Goberno galego apoiará a contratación en prácticas de, como mínimo, tres meses máis e a xornada completa nunha empresa do ámbito territorial onde teña lugar o obradoiro, e sempre que o traballo estea relacionado coas materias impartidas*
- *Destínanse 5 M€ para os obradoiros forestais con certificados de profesionalidade nas especialidades de aproveitamento, recolección, repoboación, conservación, silvicultura e seguridade e ambiente vinculadas á vixilancia e extinción de incendios*
- *Para os obradoiros do Camiño de Santiago resérvanse 3M€, que estarán centrados na realización de tarefas de conservación, reforma e posta en valor das rutas de peregrinación*
- *Poderán optar ás axudas, ao igual que outros anos, os concellos (con prioridade dos Concellos Emprendedores), asociacións de entidades locais e mancomunidades e, como novidade, tamén entidades sen ánimo de lucro do ámbito forestal constituídas e rexistradas como asociacións*
- *Terán preferencia os desempregados con especiais dificultades de inserción no mercado laboral como son os menores de 30 anos, os emigrantes retornados, as mulleres, en especial as vítimas de violencia de xénero, as persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego e os parados de longa duración*

A Xunta investirá 29,6 millóns de euros na convocatoria deste ano (un 50% máis que na anterior) para a posta en marcha dunha nova iniciativa para incrementar as oportunidades laborais das persoas desempregadas: os obradoiros duais de emprego que combinan un contrato de formación e aprendizaxe durante 9 meses e a contratación en prácticas de, como mínimo, tres meses máis nunha empresa emprazada no ámbito territorial onde teña lugar o obradoiro, e sempre que o traballo estea vinculado coas materias que se impartan no programa. O obxectivo é favorecer a empregabilidade de 2000 desempregados galegos, tendo prioridade os obradoiros vinculados o eido forestal e ao Camiño de Santiago.

Ata o de agora, os obradoiros de emprego ofrecían ás persoas sen traballo cualificación e un contrato de aprendizaxe durante 9 meses. Agora, ademais, a Xunta apoiará a contratación, como mínimo, de 3 meses e a xornada completa, nunha empresa, onde os alumnos e alumnas do obradoiro poderán realizar as súas prácticas. A actuación da Consellería de Economía, Emprego e Industria combina, polo tanto, a formación co desenvolvemento dun traballo efectivo, xa que as persoas beneficiarias disporán dun contrato de traballo e percibirán un salario durante a súa participación nesta actividade.



Outra das novidades desta convocatoria de axudas, que foi aprobada hoxe no Consello da Xunta, é que poderán concorrer a estas non só os concellos (nos que terán prioridade os Concellos Emprendedores), asociacións de entidades locais e mancomunidades, senón tamén entidades sen ánimo de lucro do sector forestal constituídas e rexistradas como asociacións. Así mesmo, a través da participación neste programa, os alumnos e alumnas seguirán recibindo, ao remate da formación, un certificado de profesionalidade con validez en todo o Estado.

### **Obradoiros forestais e para o Camiño**

Para os obradoiros forestais, aos cales se dá prioridade, resérvanse 5 millóns de euros, en que se impartirán especialidades de aproveitamento, recolección, repoboación, conservación, silvicultura, construción e mantemento de infraestruturas para a prevención e extinción de incendios e de seguridade e ambiente relacionadas tamén coa vixilancia e extinción de incendios.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria reserva, ademais, 3 millóns de euros para os programas vinculados ao Camiño de Santiago, é dicir, para aqueles destinados á conservación, reforma e posta en valor das rutas de peregrinación.

Nos obradoiros duais de emprego terán preferencia os desempregados con especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, como os mozos e mozas menores de 30 anos; os emigrantes retornados; as mulleres, en especial, as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego; os parados de longa duración; maiores de 45 anos; persoas que carezan de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3, nos cales se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; e as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

### **Triplo obxectivo**

Os obradoiros duais de emprego, que se porán en marcha a partir de setembro, teñen unha tripla dimensión: mellorar a empregabilidade dos seus participantes ofrecéndolles unha formación para o emprego teórico-práctica de calidade da man de especialistas; a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas ou de uso público no ámbito local, así como a prestación de servizos de interese xeral e social; e o impulso da colaboración institucional entre a Xunta e as entidades locais.

A mellora da cualificación das persoas sen emprego é un dos eixes principais da Axenda 20, a planificación da Xunta en materia laboral coa que se está impulsando na Comunidade galega o emprego estable e de calidade e, polo tanto, dinamizando a economía.

Xunto cos obradoiros duais de emprego, a Consellería de Economía, Emprego e Industria ten en marcha outros programas encamiñados a favorecer o emprego das persoas sen traballo, como son as unidades formativas na empresa, os programas integrados de emprego, as lanzadeiras de emprego ou os cursos de formación que se desenvolven en entidades acreditadas pola Xunta, nos centros de formación profesional para o emprego e nos de FP e no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG).

## **A XUNTA DESTINARÁ MAIS 9 MILLÓNS DE EUROS A 71 AXUDAS DE FORMACIÓN POSDOUTORAL**

- *O obxectivo é favorecer a internacionalización, a especialización e a consolidación no Sistema universitario de Galicia do talento investigador*
- *Incrementábase a axuda na modalidade A para garantir o acceso aos mellores centros de investigación*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará 9,13 millóns de euros desde 2018 ata 2021 a axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema de I+D+i galego; unha convocatoria que, por terceiro ano consecutivo, se fai de forma conxunta entre a Consellería e a Axencia Galega de Innovación (GaiN). O obxectivo desta convocatoria é favorecer a internacionalización, a especialización e a consolidación nas universidades galegas do talento investigador do Sistema universitario de Galicia (SUG). O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á convocatoria deste ano.

Como novidade este ano incrementábase o importe das axudas na modalidade A, co fin de garantir que os beneficiarios accedan aos mellores centros de investigación durante a súa estadía no estranxeiro.

A finalidade deste programa de axudas é incrementar a incorporación de persoal investigador ao sistema de I+D+i galego fomentando, na súa etapa inicial, a mobilidade internacional para mellorar a súa formación, e posibilitando a reincorporación nos axentes que conforman o sistema para, con posterioridade, continuar coa súa traxectoria investigadora na institución á que retornan. En total, esta nova convocatoria permitirá poñer en marcha 71 novos contratos científicos, que se sumarán aos 171 posdoutorais que actualmente están desenvolvendo o seu traballo.

### **Modalidade A**

O programa divídese en dúas modalidades de apoio. Unha delas, a A, está vinculada á internacionalización e especialización no estranxeiro. Deste xeito, consistirá nun contrato de dous anos de duración para a realización de estadias no estranxeiro e un contrato de retorno dun ano de duración na Comunidade Autónoma de Galicia.

Poderanse conceder ata 51 axudas nesta modalidade, cun importe máximo de cada axuda de 49.900 euros brutos anuais, aínda que as contías variarán en función do país en que se realice a estadía no estranxeiro. En calquera caso, respecto de 2016, o importe que reciben os beneficiarios incrementábase entre un 3,5 e un 15,2%.



### **Modalidade B**

Pola súa parte, a modalidade B está orientada á apertura de liñas propias de investigación no SUG que promovan a consolidación e posterior estabilidade do mellor talento científico galego. Deste xeito, faise posible a continuación da formación do persoal doutor investigador beneficiario dun contrato nunha universidade do SUG da convocatoria do ano 2014 do programa de axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan I2C, cuxo contrato remata agora en abril, e que acade unha avaliación positiva, así como no caso do persoal doutor investigador da convocatoria do ano 2013 que por circunstancias especiais teña concedido o aprazamento da avaliación e que acade unha avaliación positiva.

O número máximo de contratos que poderán formalizarse con cargo a estas axudas de dous anos de duración é de 20 por un importe máximo de 49.000 euros, en que se inclúe a axuda complementaria para o establecemento dunha liña propia de investigación, que ascenderá a 25.000 euros.

### **Valoración do talento**

Entre outros criterios, para a obtención destas axudas, valorarse a pertenza a un grupo con potencial de crecemento, de referencia competitiva, agrupación estratéxica consolidada, Unidade de Excelencia María de Maeztu acreditada pola Axencia Estatal de Investigación ou a un centro de investigación singular, así como a un grupo de investigación dirixido por persoal investigador contratado ao abeiro do Oportunus.

Desta forma, a Xunta de Galicia constrúe un completo sistema de financiamento do sistema galego de investigación, centrado na formación do persoal investigador, predoutoral e posdoutoral, que pode chegar ata os 8 anos, e facilita que a completen nos mellores centros a nivel internacional.

## **EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACION COA UNIVERSIDADE DE PADUA (ITALIA) PARA A DOCENCIA E PROMOCIÓN DO GALEGO**

- ***A Consellería financia con 12.000 euros o lectorado de lingua, literatura e cultura galegas nesta universidade, que inclúe a organización de actividades e a contratación de lectores e bolseiros de formación***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará a súa colaboración coa Universidade de Padua (Italia), para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas, e para dar así continuidade a un acordo que se mantén desde 2001.

O Consello da Xunta aprobou o acordo a través do cal se autoriza a sinatura do convenio coa dita universidade, por un importe de 12.000 euros.

O convenio abrangue a contratación dun lector de lingua, literatura e cultura galegas, a organización de actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da nosa lingua e cultura tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia, e a adquisición de todo o material necesario (bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural).

### **Antecedentes**

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. 27 delas contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centros de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Para alén disto, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

## **MEDIO RURAL COLABORARÁ COA ADMINISTRACIÓN LOCAL FINANCIANDO A XESTIÓN DA BIOMASA NA PROXIMIDADE A ZONAS HABITADAS**

- *A través deste convenio, a consellería comprométese a sufragar o 75% dos custos das actuacións precisas para manter as faixas secundarias de acordo co establecido na normativa*
- *O Consello da Xunta aprobou hoxe as principais novidades que incorpora o Pladiga 2018, que inclúe melloras laborais e de carácter tecnolóxico*
- *Por primeira vez entrará en funcionamento un helicóptero de coordinación dotado con cámaras que transmitirán imaxes e vídeo en tempo real e xeorreferenciados*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a actualización do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga), que incorpora novidades de cara ao verán de 2018. Unha das principais melloras desta actualización do plan vai ser a colaboración da Consellería do Medio Rural coa Administración local, financiando parte dos custos que teñen que sufragar os concellos e outras entidades na xestión da biomasa que está próxima a zonas habitadas.

Así, asinarase en breve un convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), onde Medio Rural se compromete a sufragar nunha porcentaxe do 75 por cento os custos das actuacións precisas para manter as faixas secundarias de acordo co establecido na normativa. Corresponderalle á Fegamp e, se é o seu caso, aos concellos ou deputacións adheridos ao convenio, o financiamento do 25 por cento restante.

Para impulsar e formalizar este acordo, o departamento que dirixe Ángeles Vázquez achega este ano un total de seis millóns de euros co que se asumirá o cen por cento dos gastos, pois o Goberno galego é consciente das dificultades, sobre todo económicas, que teñen os concellos para facer cumprir a lei neste ámbito.

Ademais, cómpre lembrar que o departamento de Medio Rural xa ten asinado un convenio de colaboración co 87% dos concellos galegos en materia de prevención e extinción de incendios. O dito convenio, que contou cun orzamento de 33 millóns de euros para os anos 2016, 2017 e 2018, conta con tres liñas de actuación: intervención de vehículos motobomba de propiedade municipal, realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de traballos de prevención de forma manual.

Ata o momento, un total de 267 concellos e 5 mancomunidades estaban adheridos a este convenio. Tras os lumes de outubro mostraron interese en subscribirse outros 27

concellos, dos cales 10 serían novas incorporacións e os outros 17 serían para ampliar ou mellorar o convenio que xa tiñan asinado.

### **Melloras laborais e tecnolóxicas**

Por outra banda, a actualización do Pladiga tamén recolle novidades con respecto a melloras de carácter organizativo e tecnolóxico. Neste senso, vaise ampliar a prestación do servizo do persoal laboral fixo discontinuo, que traballa durante a campaña de alto risco de incendios.

Deste xeito, refórzase aínda máis o dispositivo de loita contra os incendios forestais en Galicia, que nos meses de verán chega aos preto de 7.000 efectivos nestes labores de prevención e extinción. Trátase pois dunha primeira fase do plan de reorganización operativo que está levando a cabo o departamento que dirixe Ángeles Vázquez.

Así mesmo, a Consellería do Medio Rural está elaborando un decreto que regulará a figura da agrupación de defensa contra os lumes forestais, permitindo así poder subscribir convenios de colaboración con toda agrupación ou asociación rexistrada como tal que queira axudar en materia de prevención. Un exemplo sería o convenio que se está tramitando coa Federación Galega de Caza, o cal permitirá reforzar a vixilancia preventiva, detección, disuasión e investigación no marco do Pladiga.

### **Melloras nos medios aéreos**

Durante esta campaña de 2018 comezará a funcionar por primeira vez un helicóptero de coordinación dotado con cámaras que transmitirán imaxes e vídeo en tempo real e xeorreferenciados. Deste xeito, poderase comprobar o incendio sobre plano e a súa evolución, o que axudará na toma de decisións para a extinción dos lumes. Esta novidade, ademais, implicará cambios no persoal, xa que antes ían dous técnicos no helicóptero e agora irá un técnico e outro técnico analista para interpretar as imaxes.

Así mesmo, entrará en funcionamento un novo manual de carácter técnico sobre operacións aéreas, que integra todos os cambios normativos que tiveron lugar neste ámbito nos últimos anos. Deste xeito preténdese revisar todos aqueles aspectos técnicos que poden ser mellorados de cara á optimización do emprego deste tipo de medios e ao incremento da seguridade durante as operacións aéreas de extinción de incendios forestais.

## A XUNTA IMPULSA A SEGUNDA EDICIÓN DO PROGRAMA IGNICIA PARA SEGUIR APOIANDO O ACCESO AO MERCADO DE PROXECTOS DE INVESTIGADORES GALEGOS

- *O Goberno galego publicará este mes a nova convocatoria, que volve contar coa colaboración da Fundación Barrié e que busca comprobar se os resultados de proxectos científico-tecnolóxicos galegos teñen opcións reais de seren implementados a nivel industrial*
- *O programa suporá un investimento de tres millóns de euros que se suman aos catro da primeira edición e que deron apoio a nove proxectos no eido das TIC, a aeronáutica e a biotecnoloxía, ao tempo que permitiron a creación ou mantemento de 61 postos profesionais de alta cualificación*
- *As iniciativas deberán ser promovidas por un organismo público ou privado de investigación con sede en Galicia*
- *O Goberno galego ratifica a súa aposta por reforzar a transferencia de coñecemento, obxectivo recollido na Estratexia RIS3, e que tamén perseguen programas como as unidades mixtas de investigación, Principia, a Rede galega de aceleradoras ou o polo tecnolóxico e industrial de Rozas*

O Consello da Xunta avaliou hoxe a próxima convocatoria do programa Ignicia, co que o Goberno galego buscará facilitar o acceso ao mercado a novos proxectos de investigadores galegos, xerando novas empresas e patentes, e impulsando a creación de emprego cualificado. A Xunta investirá 3 millóns de euros ata 2020 nesta iniciativa, pioneira na Administración autonómica, desenvolvida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (Gain).

Nesta segunda convocatoria a Gain contará, de novo, co apoio da Fundación Barrié que, como novidade, colaborará nunha actividade que consiste na implantación dunha metodoloxía de avaliación previa de proxectos e tecnoloxías transferibles ao mercado nos centros de coñecemento. Nesta segunda edición, que está previsto publicar este mes, a vía de acceso ao mercado será a través das fases de maduración e investimento, é dicir, que se definirá a ruta cara ao mercado máis axeitada mediante consenso entre os promotores dos proxectos e o equipo técnico do programa.

O Ignicia segue a metodoloxía dos fondos de proba de concepto, que son métodos que permiten verificar se unha idea é susceptible de ter éxito. No desenvolvemento de novos produtos innovadores, utilízanse para comprobar se os resultados de proxectos científico-tecnolóxicos teñen opcións reais de ser implementados a nivel industrial para xerar rendibilidade no mercado. Deste xeito, permiten diminuír os riscos asociados á incerteza sobre o funcionamento dun produto ou servizo novo.

Neste sentido, a Xunta comparte o risco de cada iniciativa pero tamén os posibles beneficios, de tal xeito que os retornos que se vaian obtendo volveranse empregar para o investimento de novos proxectos, facendo do Ignicia un programa sustentable.

Os obxectivos do Ignicia, cuxos proxectos deben ser promovidos por un organismo público ou privado de investigación con sede en Galicia, son, ademais de facilitar a transferencia de resultados de investigación ao mercado, acelerar e aumentar os éxitos neste procesos, realizar unha detección temperá dos proxectos con potencial, apoiar o cambio cultural no eido científico e contribuír á rendibilidade económica e social do investimento público en investigación.

### **Balance da primeira convocatoria**

A primeira convocatoria, que se lanzou en 2016, permitiu apoiar un total de 9 proxectos cun investimento de 4 millóns de euros, en sectores como as TIC, o aeronáutico e a biotecnoloxía.

En concreto, entre as iniciativas que se impulsan a través da primeira edición encóntranse cinco do sector biotecnolóxico (*Biofast*, para a obtención dun biomaterial para rexeneración ósea a partir de dente de tiburón; *Oncometa* e *Reprosteatosis*, ambas para desenvolver novos fármacos; *Microarray de péptidos para artrose*, para o desenvolvemento dun test de diagnóstico temperán; e *OSAP*, para o desenvolvemento de probióticos para o tratamento de infeccións na cavidade oral; tres no eido das TIC (*Matprint*, relacionada coa impresión 3D de implantes biocerámicos e catalizadores químicos; *Ubismart*, vinculada coas aplicacións móbiles e *Face Idn*, para a verificación biométrica online); e outra do sector aeronáutico: *XHS Platform*, con nanosatélites e provisión de servizos comerciais.

Estas iniciativas permitiron crear ou manter 61 postos de profesionais de alta cualificación, así como a posta en marcha de empresas de base tecnolóxica: en concreto, cinco *spin off* para a comercialización da súa tecnoloxía, mentres que as catro restantes o farán mediante acordos con licenza. Ademais, propiciou para catro proxectos a captación e a incorporación de persoal directivo de primeiro nivel nacional e internacional.

O Goberno galego mostra así o seu compromiso por reforzar a transferencia de coñecemento, un obxectivo da Estratexia de especialización intelixente RIS3 que tamén se recolle como un dos eixes fundamentais do Plan Galicia Innova 2020 e que xa se está a realizar a través de programas como as unidades mixtas de investigación, Principia, a rede de aceleradoras galegas, o polo tecnolóxico e industrial de Rozas, a Estratexia de impulso á biotecnoloxía ou iniciativas como Conecta Peme, Innova Peme e Innterconecta.



## **GALICIA SITÚASE COMO UNHA DAS COMUNIDADES MÁIS ACTIVA EN PROXECTOS, FONDOS E NÚMERO DE PARTICIPANTES NO PROGRAMA ERASMUS +**

- ***No 2017, máis de 1500 mozos e mozas participaron desta experiencia baseada na aprendizaxe non formal e o diálogo intercultural dentro e fóra da Unión Europea***
- ***Un total de 61 proxectos foron promovidos entre a Administración autonómica e as entidades, asociacións xuvenís e grupos informais***
- ***O orzamento concedido a Galicia para este fin en 2017, e que ascendeu a 1,2 millóns de euros, foi o cuarto máis potente no ámbito estatal e representa o 8,5% do orzamento total***

A Consellería de Política Social presentou no Consello da Xunta esta mañá un informe sobre os resultados do programa Erasmus+ de mobilidade da Unión Europea para a educación, a formación, a xuventude e o deporte. Froito desta iniciativa, en 2017 un total de 1548 mozos e mozas galegos participaron desta experiencia baseada na aprendizaxe non formal e o diálogo intercultural dentro e fóra dos límites da Unión Europea.

Segundo os datos de participación no programa Erasmus+: Xuventude en Acción, Galicia é unha das comunidades autónomas máis activas en canto ao número de proxectos presentados e aprobados a fondos recibidos da Unión Europea e a participación de mozos e mozas (só superada por Andalucía, Cataluña, Valencia e Madrid). Deste xeito, no ano 2017, o número de proxectos promovidos entre a Xunta e as entidades, asociacións xuvenís e grupos informais foi de 61. Cómpre destacar que desde o inicio de Erasmus+ en 2014, esta cifra medrou nun 45%. O orzamento conseguido por Galicia para este fin en 2017, e que ascendeu a 1,2 millóns de euros, foi o cuarto máis potente no ámbito estatal e representa o 8,5% do orzamento total pese a que a poboación xuvenil de Galicia representa só un 5,3% do total español.

No que respecta ás liñas de actuación do programa, o 50% dos proxectos estiveron relacionados co voluntariado, o 20% foron intercambios xuvenís e o 14,7% estiveron relacionados con aspectos laborais e o traballo en rede.

Cómpre destacar que Erasmus está xa considerada a experiencia de maior éxito da Unión Europea con nove millóns de participantes nos seus 30 anos de vida e repercute de xeito directo sobre a empregabilidade da mocidade grazas ás habilidades e experiencias adquiridas durante a súa participación no programa.

Ademais dos proxectos que saíron adiante este ano, Galicia organizou varias accións no marco do 30 aniversario do programa como diversas xornadas sobre experiencias e

empregabilidade e unha unidade móbil sobre a iniciativa percorreu os concellos de Ourense, Mos, A Estrada, Vilalba, Santa Comba e Betanzos.

No que respecta ao programa neste ano, o pasado mes de febreiro rematou o prazo de inscrición da primeira quenda para proxectos Erasmus+: Xuventude en Acción. Ao longo do mes de abril, a Axencia Nacional do Programa Erasmus+ remitirá ás comunidades autónomas a relación definitiva de proxectos aprobados e denegados. Os próximos prazos abriranse o 26 de abril e o 4 de outubro.

A través do Erasmus+, os mozos e mozas gañan habilidades esenciais para o seu desenvolvemento persoal e profesional mediante a educación non formal e informal. Ademais, mellora a súa empregabilidade, independentemente do contexto social, educativo ou cultural a que pertenzan. A mobilidade complementa ensinanzas académicas e esta experiencia pode ser a que marque a diferenza entre dous currículos universitarios iguais. Ademais, o programa potencia a dimensión internacional das entidades participantes, así como o seu papel no ámbito da xuventude.

A Comisión Europea recoñece a experiencia e coñecementos adquiridos a través da educación non formal durante o desenvolvemento dos proxectos financiados por Erasmus+: Xuventude en Acción, mediante o certificado Youthpass. Así mesmo, a Xunta de Galicia expide o certificado de educación non formal en materia de xuventude aos participantes, a través do que se lle dá visibilidade á aprendizaxe non formal adquirida e se validan as competencias asumidas, contribuíndo así á mellora das posibilidades de emprego da mocidade galega.